

## DEPARTAMENTO DE LATÍN. ACTIVIDADES LATÍN I

### SEMANA 2: REPASO DE PRONOMES PERSOAIS E DEMOSTRATIVOS

#### 1ª SESIÓN: Corriximos os exercicios da semana 1 e consultamos dúbidas.

1. Cólgovos na aula virtual as solucións aos exercicios da semana 1. Consultade as solucións e poñédevos en contacto comigo para notificarme os erros que tiveses, se é o caso, e preguntarme calquera dúbida.
2. En función dos resultados veremos cales son os contidos ou procedementos que requiren unha revisión ou insistencia de cara a tarefas posteriores.

#### 2ª SESIÓN: Seguimos traballando cos adxectivos e pronomes demostrativos.

1. Concorde o demostrativo que enunciado entre parénteses co seu correspondente substantivo e traduce o sintagma resultante en todos os casos posibles:

- |                                 |                                   |
|---------------------------------|-----------------------------------|
| ➤ patriam (hic, haec, hoc):     | ➤ usu (ille, illa, illud):        |
| ➤ ruris (iste, ista, istud):    | ➤ senectutem (iste, ista, istud): |
| ➤ effigiei (ille, illa, illud): | ➤ servi (hic, haec, hoc):         |
| ➤ puer (hic, haec, hoc):        | ➤ fonte (ille, illa, illud):      |

**VOCABULARIO:** *patria*, -ae, f. “patria”; *rus*, *ruris*, n. “campo”; *effigies*, *effigiei*, f. “imaxe”; *puer*, *pueri*, m. “neno”; *senectus*, *senectutis*, f. “vellez”; *servus*, *servi*, m. “escravo”; *fons*, *fontis*, f. “fonte”

2. Cambia de número os sintagmas do exercicio anterior.

#### 3ª SESIÓN: Repaso de pronomes persoais.

1. Repasa os pronomes persoais e o reflexivo.
2. Completa o cadro (non o copies, pois sería un traballo inútil; avalía o que recordas deles unha vez repasados e repíteo ata que non cometas ningún erro):

	1ª persona		2ª persona		Pronome reflexivo	
	Singular	Plural	Singular	Plural	Singular	Plural
N						
V						
AC						
G						
D						
AB						

#### 4ª SESIÓN: Análise e tradución de oracións con pronomes persoais e demostrativos.

1. Analiza morfoloxica e sintacticamente e traduce.

- ✓ Vos vincetis, illi fugient.
- ✓ Tecum aperte loquar.
- ✓ Omnia tibi ignosco.
- ✓ Nos patriae fines et dulcia arva linquimus.
- ✓ Quid (que) ego oculis meis<sup>1</sup> aspicio?
- ✓ Da mihi basia mille, deinde centum.

#### VOCABULARIO:

*vinco, vici, victum* 3 “vencer”

*fugio, fugi, fugiturus* 3 “fuxir”

*aperte*, adv. “abertamente”

*loquor, locutus sum*, 3 dep. “falar”<sup>2</sup>

*omnis, -e* “todo”

*ignosco, ignovi, ignotum* 3 “perdoar”

*patria, -ae, f.* “patria”

*finis, finis, f.* “fronteira, territorio”

*dulcis, -e* “doce”

*arvum, -i, n.* “campo”

*linquo, liqui, lictum* “deixar, abandonar”

*oculus, -i, m.* “ollo”

*aspicio, aspexi, aspectum* 3 “ver, contemplar”

*da*, 2ª sing. do imperativo del verbo *do, das, dare, dedi, datum* “dar”

*basia, -orum, n. pl.* “bicos”

*mille*, adxectivo numeral (invariable) “mil”

*deinde*, adv. “logo, despois”

*centum*, adxectivo numeral (invariable) “cen”

---

<sup>1</sup> de meus, mea, meum, posesivo “meu”

<sup>2</sup> lembra que os deponentes se conxugan en pasiva e se traducen en activa